



Vistas as bases reguladoras e covocatoria de subvención para promover o emprego e fomentar o autoemprego no ano 2019 no concello de Ponteareas, (2^a convocatoria), do seguinte literal:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOVER EMPREGO E FOMENTAR O AUTOEMPREGO NO ANO 2019 NO CONCELLO DE PONTEAREAS (2^a CONVOCATORIA)

A lexislación aplicable a estas bases reguladoras e convocatoria destas subvencións será a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.

BASES REGULADORAS

1.—OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular as axudas económicas destinadas a facilitar, incentivar e apoiar a xeración de emprego estable no termo municipal de Ponteareas, mediante a concesión de subvencións que promoven o desenvolvemento da actividade económica e empresarial no Concello de Ponteareas.

Subvencionase a contratación laboral e as iniciativas de autoemprego de persoas desempregadas, empadroadas no Concello de Ponteareas, cunha antigüidade mínima de un ano, e inscritos no Servizo Galego de Emprego e/ou na Axencia de Colocación do Concello de Ponteareas.

A convocatoria e as súas bases, que serán publicadas na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello, entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

2.—FINANZAMENTO

A cantidade máxima a autorizar na presente convocatoria ascende a 39.000 euros con imputación o vixente Presuposto municipal do 2019. Aplicación presupostaria: 2019/0/24100/47000/01

3.—BENEFICIARIOS DAS AXUDAS

Poderán ser beneficiarios das axudas establecidas nas presentes bases os seguintes colectivos:

3.1.—Empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, e empresarios autónomos en activo que contraten, desempregados inscritos no Servizo Galego de Emprego e/ou na Axencia de Colocación do Concello de Ponteareas, que estean empadroados no concello de Ponteareas, cunha antigüidade mínima de un ano e que reúnan os requisitos e as condicións que se establecen nas presentes bases.

3.2.—Os traballadores autónomos, sempre que as subvencións se soliciten a título persoal, que iniciaran a súa actividade despois do 1 de xaneiro de 2019. Considerarase por inicio de actividade a alta no modelo censual que corresponda.

3.3.- Empresas ou traballadores autónomos que xa participaran na primeira convocatoria de 2019 e que recibiran un importe inferior ao máximo contemplado nesta convocatoria, poderán obter agora unha axuda complementaria consistente no importe que excede da percibida ata ó máximo que agora contemplase.

4.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Aos efectos da concesión das axudas reguladas nesta convocatoria, as solicitudes deberán cumplir os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade empresarial se desenvolva no termo municipal de Ponteareas.
- b) Estar o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Non haber sido excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, pola comisión de infraccións moi graves, de conformidade co previsto no Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións no Orden Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.
- d) No atoparse en ningunha das prohibicións previstas no artigo 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- e) Solicitar os traballadores a contratar a través dunha oferta de emprego presentada perante a Axencia de Colocación do Concello de Ponteareas e/ou no Servizo Galego de Emprego.
- f) Nos casos de autoemprego, establecerse como traballador autónomo e de alta no Réxime Especial da Seguridade Social como autónomo no momento de peche do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria de subvencións. Poderán acollerse as persoas dadas de alta na Seguridade Social dende o 1 de xaneiro de 2019.

5.—EXCLUSIÓNS

5.1.—As axudas previstas nesta convocatoria, non se aplicarán a:

- 1.— Os Centros de Inserción Socio-Laboral
- 2.— A Administración Xeral do Estado e os organismos regulados no título III e na disposición adicional décima d Lei 6/1997, de 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, así como as Administracións Autonómicas e as Entidades Locais e os seus Organismos públicos.
- 3.— Nos casos de autoemprego, aos traballadores que estiveran desenvolvendo, a mesma ou similar actividade como autónomos nos tres anos anteriores ao inicio da actividade

5.2.—Non serán obxecto de subvención:

- a) As relación laborais de carácter especial prevista no artigo 2 do Estatuto dos Traballadores, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1 995, de 24 de marzo, ou outras disposicións legais.
- b) Os postos de traballo ocupados por persoas que houberan finalizado de forma voluntaria unha relación laboral indefinida ou estiveran dados de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos no prazo de 6 meses previo a súa incorporación á empresa ou a súa alta como novo empresario, exclusión que non será de aplicación aos socios das empresas de economía social.
- c) As contratacións realizadas con traballadores que, nos trinta meses anteriores a data da contratación houbesen prestado servizos na mesma empresa, grupo de empresas ou entidade mediante un contrato por tempo indefinido, e no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que o solicitante dos beneficios houbera sucedido en virtude do establecido no artigo 44 da Lei do Estatuto dos Traballadores.

6.—CONCORRENCIA, CONTÍA MÁXIMA E INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras, supere o cen por cen do custe salarial, incluídas as cargas sociais ao cargo do empregador. A estes efectos, a solicitude de subvención deberá acompañarse do compromiso de comunicar a superación dos citados límites, en calquera momento do período contractual subvencionado en que se produza.

Fíxase un límite de catro axudas por solicitante, unha por cada posto de traballo, e tope máximo de 8.000 euros por solicitante.

7.—CONTRATOS SUBVENCIONABLES

Serán obxecto de subvención, sempre que supoñan un incremento da plantilla total da empresa, respecto da existente nos 6 meses anteriores á data da nova contratación e dende o 1 de xaneiro de 2019 ata a data de remate do prazo de presentación de solicitudes de subvención da presente convocatoria. Non se computarán como plantilla anterior os contratos de obra ou servizo.

- 1.— Os contratos de duración indefinida, incluídos os fixos descontinuos.
- 2.— Os contratos establecidos no artigo 15.1 apartados a) e b) do Estatuto dos Traballadores, Texto Refundido aprobado polo el Real Decreto Lexislativo 1/1.995, de 24 de marzo, cunha duración mínima de 12 meses, excepto nos contrato do citado apartado b) cando o convenio colectivo sectorial non o permita, a duración mínima será a establecida en dito convenio e en todo caso, cun mínimo de 6 meses.

Aos efectos de plantilla total, non se terán en conta aos traballadores con contrato de interinidade.

- 3.— Os contratos temporais de fomento do emprego para persoas con discapacidade, regulados na disposición adicional primeira de la Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.
- 4.— Os contratos para a formación, cunha duración mínima de un ano, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 11.2.a) do Estatuto dos Traballadores.
- 5.— Os Contratos en prácticas que fagan as Asociacións de empresarios e as empresas con una duración mínima de seis meses, nos termos establecidos no artigo 11.1 do citado Estatuto.

8.—CONTÍA DAS AXUDAS

8.1.— As axudas, consisten nas seguintes subvencións, sempre que a xornada de traballo se celebre a tempo completo:

- a) 2.000 euros por cada contrato contemplado no apartado 1) da base 7 realizado antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.
- b) 1.000 euros para cada contrato contemplado no apartado 2) da base 7, se ten unha duración dun ano.
- c) 600 euros para cada contrato dos contemplados nos apartados 3) e 4) da base 7, se ten unha duración de seis meses.

- d) 500 euros para cada contrato dos contemplados no apartado 5) da base 7.
- e) No caso de transformación en indefinido dalgún dos contratos, dos apartados 4) e 5) da base 7, a axuda completarase a un máximo de 2.000 euros, sempre e cando se realice esa transformación, antes do 30 de novembro de 2019. Nos casos que as persoas contratadas fosen menores de 36 anos ao 31 de decembro do presente ano 2019, as axudas anteriores incrementaranse nun 50%

8.2.—Nos contratos celebrados a tempo parcial, cunha redución mínima do 50% da xornada de traballo dun traballador a tempo completo, comparable, e nos contratos fixos discontinuos, as axudas anteriores, prorrtearanse en proporción ao tempo de traballo efectivo.

8.3.—As contratacóns, faranse, seguindo as directrices establecidas, nos respectivos convenios colectivos.

8.4.—Nos casos de autoemprego, concederase unha única axuda para os adxudicatarios polo importe de 2.000 euros que se incrementará nun 50% nos casos que sexan menores de 36 anos ao 31 de decembro do presente ano 2019.

9.—PRAZO, INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

9.1.—O procedemento, iniciarase a instancia de parte, mediante solicitude do interesado, dirixida o Concello de Ponteareas, presentándose no Rregistro da citada entidade.

Asimesmo, poderanse presentar en calquera das formas previstas no artigo 16, de la Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A instrucción e tramitación do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ao Centro de Desenvolvemento Local.

A resolución, cos correspondentes informes do Centro de Desenvolvemento Local e de intervención, corresponderá a Alcaldía.

O departamento de Intervención remitirá o texto das bases a Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), para que esta publique no BOPO correspondente o extracto da convocatoria.

O prazo de presentación, das solicitudes de axudas, comezará ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia por un prazo de dez días naturais.

9.2.—Os modelos de solicitude e os seus correspondentes anexos, estarán dispoñibles no Concello de Ponteareas, no Centro de Desenvolvemento Local e na web: www.ponteareas.gal

9.3.—As solicitudes, deberán presentarse nos modelos normalizados, xunto coa documentación que figure, no reverso do impreso da solicitude.

A presentación da solicitude implicará autorización expresa ao Concello de Ponteareas para consultar os datos dos solicitantes dentro dos servizos de verificación da administración pública.

9.4.—O Concello de Ponteareas, poderá recadar a información complementaria que estime necesaria para a axeitada valoración e resolución da solicitude presentada. En cada expediente se incluirá un informe-proposta elaborado por un técnico de desenvolvemento local no que se deberán acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria así como a presentación da documentación requirida e, no seu caso, o importe da correspondente subvención a conceder.

Unha vez que o concello de Ponteareas faga a comprobación da realización da actuación que fundamenta a solicitude de subvención, procederá a concesión da mesma.

9.5.— O Alcalde resolverá sobre a concesión ou denegación da axuda. Dita resolución, ditarase e notificarase, nun prazo máximo dous meses, a contar dende a data de entrada no Rexistro municipal, que figura na solicitude. Os interesados terán dez días hábiles, contados dende o seguinte a data de recepción da resolución, para presentar as alegacións que estimen oportunas.

Transcorrido dito prazo, sen haberse notificado resolución expresa, a solicitude presentada, entenderase desestimada por silencio administrativo.

A resolución non porá fin á vía administrativa, podendo interpoñer recurso de reposición ou de alzada perante o tribunal administrativo, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte o da súa notificación.

9.6 Para a presentación de solicitudes, as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento do Centro de Desenvolvemento Local e cos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

10.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Debido ás características dos potenciais beneficiarios, así como polo obxecto das axudas establecidas no artigo 1, fíxase un réxime de concorrencia non competitiva co sometemento aos requisitos e procedementos establecidos nas presentes Bases, pois a concesión realizarase seguindo o mesmo criterio establecido para a instrución dos respectivos expedientes, isto é, por rigoroso orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas, avaliación individualizada e ata o esgotamento das partidas orzamentarios dispoñibles no programa por un total de 39.000 euros.



11.—MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais o internacionais, dará lugar a modificación da resolución de concesión.

12.—OBRIGAS DO BENEFICIARIO

12.1.—A empresa beneficiaria da axuda, estará obrigada a cumplir o período mínimo de mantemento dos contratos de traballo subvencionados, que, nos supostos de contratación indefinida, será de dous anos, contados dende o día da contratación indefinida, ou dende o data en que se faga efectiva a conversión en indefinido.

12.2.—No suposto de cese do traballador, cuxo contrato fose subvencionado, a empresa deberá substituílo nun prazo máximo dun mes, por outro traballador de acordo cos requisitos desta convocatoria. Asimesmo deberá poñelo en coñecemento do concello de Ponteareas, nun prazo non superior a un mes, dende a data do novo contrato.

No caso de que a empresa non o substitúa, ou se o substitúe sen cumplir os requisitos establecidos nesta convocatoria, deberá proceder ao reintegro parcial da axuda concedida en proporción ao tempo que lle falte para o mantemento dos contratos subvencionados, salvo nos supostos de ceses por despido recoñecido ou declarado improcedente, no que se procederá ao reintegro total da subvención concedida.

12.3.—Durante o período de duración do contrato subvencionado, a empresa deberá manter o incremento da plantilla que supuxo a nova contratación así como o número de traballadores fixos. O seu incumprimento, dará lugar a redución proporcional da axuda ou a súa revogación.

12.4.—Os beneficiarios da subvención por autoemprego están obrigados a manter a actividade durante un ano, así como ter una facturación mínima trimestral de 2.000 euros.

12.5.—Si o posible beneficiario de axuda por autoemprego forma parte dalgún tipo de sociedade irregular, responsabilidade limitada, cooperativa, etc., deberá aportar acta de constitución da sociedade onde conste o número de socios e deberá acreditar unha facturación trimestral de 2.500 euros multiplicada polo número de socios, para ter dereito á subvención obxecto desta convocatoria.

13.—PAGO



As axudas establecidas na base 8 abonaranse unha vez comprobado o cumprimento das condicións de concesión.

No caso dos autónomos, abonarase a cuantía de subvención unha vez comprobado o cumprimento das condicións de concesión en canto a facturación fixada na base doce e previa a presentación da xustificación de seguir en alta na Seguridade Social.

14.—REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

14.1.—As causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas nesta convocatoria e no artigo 36 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como nos casos contemplados no artigo 37 e concordantes da citada lei, darán lugar a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de demora, dende a data do pago da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro da mesma.

14.2.—O procedemento de reintegro da subvención, rexeráse polas disposicións xerais dos procedementos administrativos contidas no título IV de la Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

15.—RÉXIME “DE MINIMIS”

Estas axudas, están suxeitas ao réxime ‘de minimis’, nos termos establecidos, no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, de 15 de decembro, relativo a aplicación dos artigos 87 e 88, do tratado CE ás axudas ‘de minimis’ e na comunicación da Comisión 2009/C16/01, sobre o marco temporal comunitario, aplicable ás medidas de axuda estatal, para facilitar o acceso ao financiamento, no actual contexto de crise económica e financeira, e polo que se limitará, a un máximo de 12.000,00 euros, as axudas a obter por unha empresa, durante un período de tres anos, dende a primeira concesión.

16.—PUBLICIDADE

Os beneficiarios, deberán incorporar en todas as manifestacións de promoción e difusión das súas actuacións, que están subvencionadas polo Concello de Ponteareas. O Centro de Desenvolvemento Local facilitará un cartel sobre a participación nas axudas de fomento do emprego, cartel que figurará nun lugar visible da sede da empresa ou da actividade da persoa autónoma.

Ao mesmo tempo, o concello de Ponteareas, poderá publicar na súa páxina web e outros medios propios, a relación de subvencións concedidas.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas o serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados no prazo de tres meses, a partir do tratamiento dos seus datos persoais, da finalidade da súa obtención, do empresario que facilitou estes datos e do seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamiento da información nos termos previstos na LO 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

17.—PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Se, como consecuencia da tramitación do expediente de reintegro, se detectara algunha das infraccións tipificadas no capítulo I do título IV da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, seguirase o procedemento establecido en dita lei.

Asimesmo, se na documentación presentada pola empresa, se detectara algunha irregularidade substancial, poderá anularse a subvención concedida e esixir a devolución do xa cobrado.

18.—NORMATIVA APLICABLE

No non regulado nestas bases, entenderase de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O Concello de Ponteareas, quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas”.

2.—Autorizar para o indicado fin un gasto anual por importe total de 39.000 euros con cargo ao presupuesto municipal vixente para o exercicio económico en curso do 2019 (Aplicación presupostaria: 2019/0/24100/ 47000/01

3.—Publicar as presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello,e abrir a convocatoria para que os interesados presenten a documentación esixida nas bases e nos seus anexos ,dende o día seguinte ao da publicación no BOP, rematando a Presentación ós 10 días naturais.

Ponteareas, .—O Alcalde: Xosé Represas Giráldez.



DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTARSE NO REXISTRO (Autónomos e Empresas. Con data e sinatura)

Todos os modelos, poden ser descargados da páxina web do concello: <https://ponteareas.gal> no apartado axudas e subvencións

1. Solicitud Anexo I
2. Declaración Xurada, Anexo II
3. DNI se o solicitante e empresario individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.
4. No caso de persoas xurídicas, achegarase DNI e poder suficiente con documento acreditativo, do/a representante que asina a solicitude
5. Ficha de terceiros (para transferencia bancaria). Deberá estar cuberto polo interesado e selado pola entidade bancaria ou acompañado dun certificado de existencia de conta.
6. Declaración de outra axudas. Anexo III.
7. Declaración sobre os requisitos dos beneficiarios, establecidos nos apartados b) e c) da base 4 da convocatoria. Anexo IV.
8. Declaración sobre as exclusións establecidas na base 5^a da convocatoria. Anexo V.
9. Certificación de atoparse dada de alta no IAE.
10. No caso de contratacións:

Copia do contrato de traballo da persoa, para a que se solicita a subvención.
Relación nominal de traballadores (TC2), do mes anterior o que se presenta a solicitude de subvención.
11. Certificado de empadroamento do solicitante e da/s persoa/s contratada/s.





ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA:

(Marcar X)

- AUTOEMPREGO
 CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS

DATOS DO SOLICITANTE OU EMPRESA

DNI / CIF	NOME / RAZÓN SOCIAL	
-----------	---------------------	--

CNAE (Actividade en letra)

Nº CNAE

DOMICILIO		LOCALIDADE	C.P.
TELÉFONO	e-mail	Nº CONTA COTIZACIÓN S.S.	

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL OU APODERADO

NOME A APELIDOS		TELÉFONO	e-mail
-----------------	--	----------	--------

PERSOA DE CONTACTO PARA ACLARACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE

NOME A APELIDOS		TELÉFONO	e-mail
-----------------	--	----------	--------

DATOS DA PLANTILLA DA EMPRESA

	Fixos	Non fixos	Interinos	Total
A data do mes anterior o inicio do contrato				
A data de inicio do contrato incluíndo as novas contratacóns				

**TIPO DE CONTRATO**

Código	Denominación	%Xornada	Nº rexistro do contrato
Convenio aplicable			

DATOS DO TRABALLADOR CONTRATADO OU A CONTRATAR

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME			
DNI	DATA CONTRATO	IDADE	SEXO	LOCALIDADE	C.P.
DATA INSCRICIÓN NA AXENCIA DE COLOCACIÓN					PERCEPTOR RENDA BASICA

O abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o concello de Ponteareas, asumindo os efectos derivados de dito acto, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados e autoriza ao concello de Ponteareas para consultar nas distintas administracións públicas a súa situación en relación a:

- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL
- Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias do ORAL e concello

Ponteareas, de de 2019

(Sinatura do solicitante)



**ANEXO II****DECLARACION XURADA**

D./Dna.....

con NIF.....,

Marcar (X) según proceda

() en nome propio (autónomo)

() en representación de:

DECLARO

Que a documentación presentada xunto coa solicitude de subvención, perante o concello de Ponteareas, e copia fel do orixinal.

Que autorizo, ao concello de Ponteareas, para o tratamento informático, dos datos de Carácter Persoal, que se deriven da presente solicitude e posúo autorización, dos traballadores contratados, para tal fin, aos efectos do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de Carácter Persoal e demais normativa de desenvolvemento.

Ponteareas, de de 2019
(Sinatura do solicitante)



Cod. Validación: 4GGB3RKEG7PC7ATC9XPW442ZZ Correción: http://ponteareas.es/validacion/
Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 19

ANEXO III**DECLARACIÓN DE OUTRAS AXUDAS**

Ademais da presente ¿solicitou ou obtivo outras subvencións para a mesma finalidade de calquera outra administración, ente público ou privado? ()Si ()Non

No caso de resposta afirmativa, faga constar os datos do tipo de axuda, o organismo concedente, contía e data:

AXUDA	ORGANISMO QUE A CONCEDE	CONTÍA SOLICITADA	DATA DE SOLICITUDE

Ademais da presente ¿solicitou ou obtivo durante os tres derradeiros anos algunha axuda ou subvención sometida ao réxime "de minimis" para esta ou outra actividade? ()Si ()Non

No caso de resposta afirmativa, faga constar os datos do tipo de axuda, o organismo concedente, contía e data:

AXUDA	ORGANISMO QUE A CONCEDE	CONTÍA SOLICITADA	DATA DE SOLICITUDE

Marcar (X) según proceda

() en nome propio (autónomo)

() en representación de:

Declaro:

Ser certa e completa a información que se fai constar na presente declaración. A o mesmo tempo comprometese a comunicar por escrito ao concello de Ponteareas, nun prazo inferior a 15 días a partir da data da solicitud, as novas solicitudes que presente para igual finalidade, así como as que se presenten sometidas o réxime "de minimis", para esta ou outra actividade. Igualmente, no caso de que o importe da subvención, illada ou en concordancia con outras, supere o cen por cen do custo salarial, mais as cargas sociais a cargo do empregador, a empresa comprométese a comunicar a superación do citado límite en calquera momento do período contractual subvencionado en que se produza,

Ponteareas de de 2019

ANEXO IV

DECLARACION SOBRE OS REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS ESTABLECIDOS NOS APARTADOS B) E C) DA BASE 4 DA CONVOCATORIA

D. / Dna....., con DNI

Marcar (X) según proceda

() en nome propio (autónomo)

() en representación de:

Declaro

Ser certa e completa a información qué se fai constar na presente declaración.

O artigo 13 de la Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas en dita Lei as persoas ou entidades en quenes concorra algunha das circunstancias que se enumeran no mesmo.

De conformidade co citado artigo declaro que a entidade a que represento non se atopa en ningunha das seguintes circunstancias:

- a) Haber sido condenada mediante sentencia firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Haber solicitado a declaración de concurso voluntario, haber sido declarados insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso, salvo que este adquirise a eficacia dun convenio, estar suxeito a intervención xudicial ou haber sido inhabilitado conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentencia de calificación do concurso.
- c) Haber dado lugar, por causa da que houbesen sido declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incursa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís, ou aqueles que ostenten a representación legal, de outras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos, regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.



- e) Non atoparse o corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte a Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, no xeito que se determine regulamentariamente.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) No atoparse ao corrente de pago das obligacións, por reintegro de subvenciones nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Haber sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro ou outras leis que así o establezan.

Igualmente declaro que a entidade a que represento no foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión de infraccións moi graves, de conformidade co previsto no Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións no Orden Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.

Ponteareas,.. de de 2019
(Firma do solicitante)





ANEXO V

**DECLARACION SOBRE AS EXCLUSIÓNS ESTABLECIDAS NAS
BASES DA CONVOCATORIA**

D. / Dna....., con NIF

Marcar (X) según proceda

() en nome propio (autónomo)

() en representación de:

Declara ser certa e completa a información que se fai constar na presente declaración:

1. A contratación feita, non afecta ao cónxuge, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou dos que teñen o control empresarial, ostentan cargos de dirección ou son membros dos órganos de administración, das entidades ou das empresas, que revisten a forma xurídica de sociedade, así como, as que se producen con estes derradeiros.
2. O traballador contratado, non prestou servizos, nos vintecatro meses derradeiros a data de contratación, na mesma empresa, grupo de empresas ou entidade, mediante un contrato por tempo indefinido, nin houbo vinculación laboral anterior, do traballador con empresas, as que o solicitante dos beneficios, sucedese, en virtude do establecido no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores.

Ponteareas de de 2019

(Sinatura do solicitante)



Cod. Validación: 4GGB3RKEG7PC7ATC9XPW44Z2Z. Correción: http://ponteareas.sedelectronica.gal/

Visto informe de asesoría xurídica de data 15.11.2019

Vista a retención de crédito de intervención municipal de data 07.11.2019

Esta Alcaldía, en base as competencias establecidas pola lexislación vixente

RESOLVE:

- 1º) Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións para promover o emprego e fomentar o autoemprego no ano 2019 no concello de Ponteareas, (2ª convocatoria), tal e como figuran redactadas.
- 2º) Ordenar ao departamento de Intervención que remita o texto das bases a Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), para que está publique no BOPO correspondente o extracto da convocatoria, así como no taboleiro e na páxina web do concello.
- 3º) Simultaneamente abrir a convocatoria por un prazo de dez días naturais, a contar desde o día seguinte a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para que os interesados presenten ás solicitudes de autorizacións.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Xoxé Represas Giráldez, en Ponteareas.

Documento asinado electrónicamente

